



BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN POR PARTE DO CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO “PROGRAMA TERÉMANTER” DIRIXIDO AO MANTEMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DOS INMOBLES DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A cidade histórica de Santiago de Compostela foi recoñecida Patrimonio da Humanidade no ano 1985. Para mellorar as condicións de vida dos seus habitantes, o Goberno de España, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago, durante máis de 20 anos de cooperación estable no Consorcio de Santiago, teñen impulsado diferentes programas de rehabilitación de edificios e vivendas. O Consorcio de Santiago quere impulsar novamente o programa de apoio técnico e económico aos cidadáns para realizar labores de mantemento dos edificios da Cidade Histórica. Trátase de fomentar a cultura do mantemento, de optimizar os recursos públicos e privados que se empregan na conservación das cidades históricas, de recuperar as dinámicas de conservación, por economía, por sustentabilidade do sistema público de conservación do patrimonio urbano. Para isto deséxase seguir contando cos inmobles que participaron en anteriores convocatorias do Programa, pero tamén sensibilizar e animar a novos propietarios para que se involucren no compromiso desta institución co mantemento.

A cultura do mantemento é a clave da conservación do Patrimonio da Humanidade que está ao noso coidado. **Porque ter é manter.**

1- Obxecto da subvención

1.1.- As presentes bases reguladoras teñen por obxecto a regulación dos criterios e requisitos para a concesión de axudas, polo procedemento de concorrencia competitiva, con cargo aos orzamentos do Consorcio de Santiago, conforme ao establecido na Base 21 do orzamento 2018 do Consorcio, destinadas ao mantemento ordinario dos edificios e vivendas da cidade histórica de Santiago de Compostela.

1.2.- En desenvolvemento do artigo 24 da Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas en execución do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica de Santiago de Compostela, publicada no BOP nº 115, de 22 de maio de 2006, as subvencións concedidas ao abeiro destas bases teñen por obxecto:

1.2.1.- Fomentar a execución de obras de mantemento da envolvente exterior, tales como fachadas exteriores ou patios interiores, cubertas, canlóns e baixantes, carpintarías e galerías de madeira, portas de entrada aos edificios e rexerías, dos inmobles situados no ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica.

1.2.2. Con carácter especial e co obxecto de fomentar a mellora das instalacións de pluviais da Cidade Histórica subvencionarase o custo de substitución dos canlóns e baixantes de pluviais deteriorados, así como gardacanos e conexión da instalación á rede xeneral.



1.2.3. As obras de mellora da eficiencia enerxética do edificio relacionadas co mantemento da envolvente exterior, que inclúen obras de mellora das solucións construtivas da envolvente exterior compatibles co valor patrimonial dos edificios da cidade histórica (tales como illamento da cuberta, fachadas exteriores ou patios interiores e mellora de carpintarías). En caso de que sexa imprescindible a substitución da cubrición para mellorar o comportamento térmico do edificio subvencionarase tamén o custo desta substitución.

1.2.4.- Aqueles custos adicionais e indispensables para a realización das obras indicadas neste apartado, tales como a colocación de estadas.

1.2.5.- Os honorarios profesionais de redacción da documentación técnica e dirección da obra de mantemento e mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior do edificio.

1.3.- Para os efectos do outorgamento da subvención, entenderanse por obras de mantemento as las actuacións de conservación, tal como se definen no artigo 56 do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica e as obras de interese arquitectónico, histórico ou ambiental de carácter ordinario e as obras de interese arquitectónico de carácter extraordinario, tal como se definen nos artigos 33 e 34 de dito Plan.

1.4.- Non serán obxecto de subvención ao abeiro das presentes bases as seguintes obras:

1.4.1.- As que se refiran a elementos ou edificacións sobre as que exista unha resolución pola que se declare a existencia dunha infracción urbanística, agás que na proposta presentada se inclúan os traballos de axuste ás determinacións do planeamento xeral ou especial de aplicación.

1.4.2.- Calquera intervención nun edificio ou vivenda encamiñada a reparar deficiencias derivadas de accidentes cando na orixe deles se detecte a concorrencia de intencionalidade ou negligencia grave da persoa beneficiaria ou dalgunha das integrantes da comunidade que ocupe dita posición.

1.4.3.- As inversións obxecto desta axuda, iniciadas antes da presentación da solicitude.

2- Crédito orzamentario ao que se imputa a subvención

Esta subvención impútase ao crédito orzamentario do 2018 do Consorcio da Cidade de Santiago referente a "Subvencións ao parque construído + tutelados + catalogados e outros (partida 337.780.00)", cun importe que para esta convocatoria ascende a cento cincuenta mil euros (150.000 euros). En caso de que as resolucións de concesión e o recoñecemento das obrigas que delas se deriven non se adoptaran antes da data que se especifique na Orde de Peche do exercicio 2018 pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, as subvencións concedidas quedarán condicionadas e limitadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Consorcio do ano no que, previa xustificación do investimento, se propoña o recoñecemento da obriga polo Consorcio que non poderá exceder do 1 de decembro de 2019.

3- Requisitos que deberán reunir as persoas beneficiarias

3.1.- Poderán ser beneficiarias das axudas dirixidas ao mantemento e á mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior dos edificios, tanto as persoas físicas, xurídicas, como unha



agrupación de persoas físicas ou xurídicas, nos termos do artigo 11 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, propietarias, arrendatarias ou aquelas que ostenten algún dereito de uso sobre os inmobles. Tamén poderán ser beneficiarias as comunidades de bens e as comunidades de propietarios en edificios con réxime de propiedade horizontal.

3.2.- As persoas beneficiarias ás que se refire o punto 3.1, deberán estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e da seguridade social, e cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

4- Requisitos dos inmobles

Os inmobles nos que realicen as obras obxecto de subvención ao abeiro destas bases deben reunir os seguintes requisitos:

- Localizarse no ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica (PE.1).
- Condicións suficientes de seguranza estrutural e estanquidade fronte á chuvia.
- Antigüidade superior a 10 anos.
- Estar destinados ao uso de vivenda, como mínimo, os 2/3 da súa superficie útil, excluídas a planta baixa e as plantas soto.

5- Convocatoria

O prazo de presentación de solicitudes será de UN MES a partir do día seguinte da publicación do extracto destas bases e convocatoria no Boletín Oficial do Estado, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Para o caso de que o derradeiro día de presentación de solicitudes ou escritos fose inhábil ou sábado, o prazo prorrogaríase hasta o seguinte día hábil.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, sito na Rúa do Vilar, 59 (telefono 981 57 47 00), ou por calquera dos medios admitidos na Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común, facendo chegar por fax (981 57 47 50) ou por correo electrónico (gerencia@consorciodesantiago.org) o mesmo día da presentación o resguardo da solicitude.

O órgano instructor da convocatoria de axudas será a OCHiR (Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello de Santiago de Compostela), ubicada na Praza de Cervantes nº 1 e/ou o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.



6- Procedemento de concesión da subvención.

6.1.- As subvencións do “Programa Terémanter” dirixido ao mantemento e á mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior dos inmobles da Cidade Histórica de Santiago de Compostela outorgarase en réxime de concorrència competitiva.

6.2.- A solicitude de subvención realizarase no formulario recollido no Anexo I.

6.3.- Documentación complementaria.

A documentación a achegar será a seguinte:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou N.I.F. da persoa solicitante e, no seu caso, da representante, cando non autoricen a consulta telemática ou cando o Consorcio de Santiago non estea en disposición de obtelos, e documentación acreditativa da representación que ostenta.
- Declaración responsable segundo o formulario recollido no Anexo II.
- Fotocopia compulsada do título que xustifique o dereito co que se concorre.
- No caso de existencia de máis dunha persoa propietaria ou que ostente algún dereito de uso sobre os inmobles deberá achegarse a correspondente autorización en relación coas obras que se pretenden executar, segundo o formulario recollido no Anexo VI.
- No caso das persoas arrendatarias deberá achegarse fotocopia compulsada do contrato de arrendamento e a correspondente autorización do propietario e/ou usufrutuario en relación coas obras que se pretenden executar.
- Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal, deberá achegarse certificado do secretario da xunta de propietarios da acta da reunión na que se designe ao representante e se adopte o acordo para a realización das obras.
- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Axencia Estatal Tributaria, Xunta de Galicia e Concello de Santiago de Compostela) e da Seguridade Social, cando non autoricen a consulta telemática, ou cando o Consorcio de Santiago non estea en disposición de obtelos.
- Relación dos elementos da envolvente exterior do inmovible nos que o solicitante ten a intención de realizar labores de mantemento ou de mellora de eficiencia enerxética, na que se indicará o tipo e o número de elementos e as súas superficies segundo o formulario recollido no Anexo III. Para facilitar a cumprimentación do Anexo III poderá solicitarse o asesoramento dos técnicos da Oficina Técnica do Consorcio.

Esta relación soamente é indicativa das intencións iniciais do solicitante; unha vez que os técnicos da Oficina técnica visiten o inmovible no que se van a realizar as obras, e de acordo co solicitante, definirase a relación definitiva de elementos sobre os que se vai a intervir. Esta relación pode ser substituída por un proxecto técnico.



- Documentación técnica.

Para acceder ás axudas, solicitar a licenza e a execución das obras o solicitante deberá contar cun proxecto técnico ou memoria valorada redactado por técnico con capacitación profesional e habilitación legal abondas e axustadas ás características das obras que se deban acometer. De non ser así, poderá solicitar que esta sexa redactada pola Oficina Técnica do Consorcio de Santiago; neste caso deberá presentar solicitude de redacción da documentación técnica ao Consorcio no formulario recollido no Anexo I.

- Certificado da dedución do IVE, segundo o formulario recollido no Anexo IV.

- Autorización para a utilización de fotografías, segundo o formulario recollido no Anexo V.

- Copia do Plan de Mantemento, no caso de optar ao criterio 6.6.1, no caso de non estar xa en poder do Consorcio de Santiago.

- Orzamento de honorarios profesionais no caso de contar cun proxecto técnico ou memoria valorada redactados por un técnico con capacitación profesional e habilitación legal abondas e axustadas ás características das obras que se deban acometer.

Subsanación de defectos: se se observasen defectos na solicitude ou na documentación presentada, concederáse un prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa notificación, para a súa subsanación.

6.4.- Consentimentos e autorizacións.

A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

6.5.- Unha vez admitidas a trámite as solicitudes e tomando en consideración os datos aportados polo solicitante validados na visita técnica realizada ao inmovible, os servizos técnicos do Consorcio emitirán un informe de idoneidade ou non idoneidade das obras propostas cos obxectivos da convocatoria e de conformidade ou disconformidade co orzamento presentado.

En caso de disconformidade co orzamento presentado a solicitude non será rexeitada, pero á hora de resolver a petición de subvención terase en conta os datos consignados no informe emitido polos ditos servizos técnicos.

6.6.- A avaliación das solicitudes realizarase aplicando os criterios que de seguido se expoñen e ata un máximo de 100 puntos.

6.6.1. Dispoñer de Plan de Mantemento para o edificio obxecto da subvención. Concederanse:

- 20 puntos aos solicitantes que dispoñan de Plan de Mantemento para o inmovible.



- 0 puntos para os que carezan del.

6.6.2. Primarase a incorporación de novos solicitantes ao Programa de Mantemento, así concederanse:

- 20 puntos aos solicitantes que non tiveran recibido axudas do programa de mantemento convocados polo Consorcio de Santiago.

- 10 puntos se xa tivesen recibido axudas de anteriores programas de mantemento. A xustificación deste apartado realizarase mediante a presentación dunha declaración xurada realizada no formulario recollido no Anexo I.

6.6.3. Superficie en metros cadrados de carpinterías de madeira (galerías, ventás e portas) para as que se solicita a realización de obras de mantemento: Concederanse:

- 10 puntos á solicitude con maior superficie prevista, asignándose proporcionalmente a puntuación ao resto das solicitudes.

6.6.4. Nivel de catalogación ou de interese arquitectónico do edificio/vivenda e/ou dos elementos singulares sobre os que se actúe. Darase preferencia aos de maior interese sobre os de menor interese: Concederanse:

- 10 puntos para os de catalogación 2

- 8 puntos para os de catalogación 3

- 5 puntos para os de catalogación 4

- 0 puntos para os non catalogados.

6.6.5. Nivel de ocupación do inmovible. Darase preferencia aos inmovibles ocupados. Concederanse:

- 10 puntos por vivenda ocupada do edificio, ata un máximo de 40 puntos.

- 0 puntos por vivenda temporalmente sen habitar.

Estas circunstancias comprobaranse nunha visita técnica.

6.7. A valoración das solicitudes realizarase por unha comisión formada por técnicos da Oficina Técnica do Consorcio e/ou da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello. No suposto de que o crédito orzamentario previsto na base 2 fose superior á suma das subvencións admitidas, a comisión limitarase a facer constar esta circunstancia por escrito, sen avaliar as solicitudes, por existir crédito suficiente para atender a todas.

6.8.- Á vista do informe da Comisión, a Xerente formulará proposta de resolución de concesión, previa instrución do oportuno expediente, cos correspondentes informes técnicos e administrativos da Oficina



Técnica do Consorcio e/ou da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello, no que se acrediten os requisitos establecidos na presente base.

A proposta de resolución será notificada aos solicitantes que fosen propostos como beneficiarios, para que no prazo de dez días manifesten a súa aceptación. Na notificación farase constar expresamente os efectos establecidos no apartado 10.2 desta convocatoria para a falta de xustificación do gasto no prazo máximo concedido.

Na proposta de resolución de concesión da subvención especificaranse os seguintes extremos:

- Inmable para o que se outorga.
- Beneficiario/a da subvención.
- Contía máxima da axuda para o inmable en cuestión.
- Prazo máximo de execución das obras.
- Prazo máximo para a xustificación do gasto

6.9.- O órgano competente para a resolución do procedemento será a Xerente.

Na resolución de concesión farase constar os extremos que figuran no punto 6.8. destas bases para a proposta de resolución.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de catro meses, contados a partir da publicación das presentes bases e convocatoria.

Transcorrido este prazo sen que se notificara a resolución, os interesados están lexitimados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra a resolución expresa ou contra a desestimación por silencio administrativo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ou recurso contencioso – administrativo, por aplicación da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso – Administrativa, ante o xulgado do Contencioso - Administrativo de Santiago de Compostela ou ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dependendo da contía concedida, xa sexa inferior a 60.000 euros, no primeiro caso, ou superior, no segundo.

6.10.- No caso de que o crédito orzamentario previsto na base 2 fose superior á suma das subvencións admitidas, non será necesario que a resolución da convocatoria se produza en unidade de acto, podendo resolverse cada solicitude por separado segundo se vaian completando os requisitos correspondentes, dentro do prazo máximo para resolver establecido no apartado 6.9 anterior.

6.11.- As concesións definitivas das subvencións remitiranse á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, de conformidade co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e o crédito



orxamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e obxectivo ou finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados. Igualmente deberá informarse, cando corresponda, sobre o compromiso asumido polos membros contemplados no apartado 2 e no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 e, no caso de subvencións plurianuais, sobre a distribución por anualidades.

7- Procedemento especial de concorrencia

7.1. As eventuais persoas beneficiarias das axudas poderán acudir á Oficina Técnica dependente do Consorcio para os efectos de que sexa esta quen redacte a documentación técnica necesaria para a realización das obras no edificio ou vivenda en cuestión.

7.2.- A utilización deste procedemento especial esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

Presentación da correspondente solicitude á que deberá acompañar os documentos aos que se refire a base 6.3. Na solicitude en cuestión consignarase o expreso recoñecemento da propiedade intelectual do Consorcio en relación cos documentos que finalmente se elaboren e a aceptación do seu resultado para os efectos da idoneidade das obras a executar.

7.3.- O cumprimento destas formalidades dentro do prazo de presentación de solicitudes sinalado na convocatoria equivalerá á presentación en prazo dunha solicitude de subvención para o mantemento ordinario dos edificios e vivendas da cidade histórica de Santiago de Compostela e outorgaralle ao interesado o dereito a participar no procedemento de concesión en igualdade de condicións que os demais participantes sen prexuízo de cal sexa o seu resultado.

7.4.- A oficina técnica procederá á redacción da documentación técnica, a cal deberá ser aceptada expresamente polo solicitante antes da súa definitiva unión á solicitude.

7.5.- A aceptación deberá producirse no prazo máximo de dez días dende que se lle comunique á persoa interesada o cumprimento do encargo, dándoselle valor á mesma de ratificación da súa solicitude de axuda na convocatoria en curso. No caso de que finalmente non se producise a aceptación dos traballos realizados, a documentación técnica, con todos os seus antecedentes, quedarán en poder do Consorcio.

8- Contía da subvención

8.1.- A contía da axudas deberá ser fixada en euros e o seu montante nunca poderá superar a cantidade fixada, con independencia das variacións á alza que se puidesen producir na execución das obras por variacións nos prezos ou circunstancias non tidas en conta no momento da resolución do expediente.

8.2.- A contía da subvención será do 40 % del orzamento máximo subvencionable.

En ningún caso a subvención outorgada poderá superar o límite do 40 por 100 do custo previsto e/ou executado ao amparo da memoria valorada ou proxecto.

8.3.- Orzamento de contrata mínimo da obra a executar.



Só consideraranse actuacións protexibles aquelas que contén un orzamento protexible superior a 1.000 euros por inmoble.

8.4.- En caso de que o importe das obras realmente executadas fose inferior ao previsto inicialmente, producirase o axuste da subvención concedida ata o importe que corresponda en función do custo das obras realizadas.

8.5.- A intervención prevista sobre a envolvente exterior do edificio terá a consideración de obra unitaria e o importe aprobado poderá destinarse indistintamente ás obras de mantemento e ás obras de mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior do edificio sempre que os cambios se amparen nos criterios técnicos do Consorcio e respectando ós criterios de avaliación destas axudas definidos no apartado 6 destas bases. Asemade o IVE considerarase tamén unha partida compensable con todas as demais á hora do cálculo da subvención.

9.- Orzamento máximo subvencionable

9.1.- O orzamento máximo subvencionable inicial, para as obras de mantemento e mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior dos inmobles da Cidade Histórica de Santiago de Compostela obxecto de subvención, virá determinado polo orzamento total de contrata incluíndo o I.V.E..

O orzamento máximo subvencionable calcularase segundo a seguinte fórmula:

$O.Max.Sub.= 30 \text{ €/m}^2 \times \text{Superficie en planta do edificio en m}^2 \times (\text{número de plantas do edificio} + 2)$

No caso de que o IVE sexa deducible para o beneficiario (ao non supor custo) a contía da subvención calcularase sobre o custo excluído o IVE.

9.2.- As obras serán valoradas pola Oficina Técnica do Consorcio, que elaborará en cada caso os informes técnicos necesarios, previa inspección do edificio ou vivenda.

10- Execución das obras

10.1.- A execución das obras incluídas na correspondente documentación será contratada pola persoa beneficiaria directamente e deberá contar sempre coa correspondente licenza municipal ou acreditación da presentación da comunicación previa, segundo dispoña a normativa urbanística, sen prexuízo das facultades de control e supervisión que o Consorcio manterá en relación coa súa execución.

10.2.- A efectiva execución das obras terá que acreditarse mediante presentación das facturas e, de ser o caso, certificación de obra emitida pola empresa contratada para o efecto, coa sinatura do técnico competente se a natureza dos traballos así o esixise e o correspondente xustificante do pagamento bancario e copia da licenza municipal ou acreditación da presentación da comunicación previa, segundo dispoña a normativa urbanística, antes da data que se estableza na Orde de Peche do Orzamento da Xunta para 2018, en todo caso antes do 31 de decembro de 2018, para que previo recoñecemento da obriga poida imputarse ao crédito retido para amparar financeiramente os gastos derivados destas bases e convocatoria. A xustificación das obras transcorrida esta data suporá que o dereito ao cobro da subvención queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na



partida orzamentaria que, no seu caso, estea vixente para esta finalidade no Orzamento de 2019. En caso de que a data 1 de decembro de 2019 non se tivera presentado a documentación mencionada enténdese que o beneficiario perderá o dereito á subvención concedida.

10.3.- Á vista da documentación presentada polo beneficiario, a Oficina Técnica do Consorcio e/ou a Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello emitirán os correspondentes informes. Se se apreciara a existencia de deficiencias corrixibles outorgarase un prazo suficiente para a súa emenda, nunca superior a 10 días.

11- Pagamento da subvención.

O pagamento da subvención será acordado pola Xerente do Consorcio, previos os correspondentes informes favorables, previstos no apartado 10.3 destas bases, e a achega por parte da persoa beneficiaria da certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de atoparse caducadas as presentadas na solicitude de subvención, cando non autoricen a consulta telemática, ou cando o Consorcio de Santiago non estea en disposición de obtelos.

12- Revogación da subvención

12.1.- A axuda será revogada totalmente nos seguintes supostos:

- a) Incorrecta execución das obras subvencionadas, apreciada polos servizos técnicos do Consorcio.
- b) Negativa do beneficiario a colaborar co Consorcio nas tarefas de control da execución das obras.
- c) Demora no pagamento ao contratista dos traballos realizados ao amparo do programa de axudas. Entenderase como grave para estes efectos calquera demora no pagamento que supere en dous meses a data de presentación da factura ou de requirimento de pagamento por parte do contratista en relación coas obras executadas.
- e) A comisión de infraccións urbanísticas nas obras obxecto de subvención.
- f) Cambios non autorizados sobre o inicialmente proxectado.
- g) A execución inferior ao 75% das obras inicialmente proxectadas, sempre e cando non se consigan os resultados previstos no informe técnico inicial.
- h) Ausencia total ou parcial de xustificación.

12.2.- A axuda será revogada parcialmente nos seguintes supostos:

- a) A execución das obras inicialmente proxectadas nunha porcentaxe igual ou superior ao 75% pero inferior ao 85% suporá unha redución da subvención inicialmente concedida nun 10%, sempre a cando no se consigan os resultados previstos no informe técnico inicial.



- b) A execución das obras inicialmente proxectadas nunha porcentaxe igual ou superior ao 85% pero inferior ao 95% suporá unha redución da subvención inicialmente concedida nun 5%, sempre e cando non se consigan os resultados previstos no informe técnico inicial.

12.3.- A revogación da subvención será declarada polo Xerente do Consorcio previo expediente contradictorio e co efecto da perda total ou parcial da axuda concedida en función dos incumprimentos detectados.

13- Lexislación aplicable

13.1.- Esta convocatoria realízase ao amparo da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, cuxos preceptos complementarán e integrarán as determinacións das presentes bases.

13.2.- Será tamén de aplicación a esta convocatoria a Lei 39/1992, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas en execución do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, publicada no BOP nº 115, de 22 de maio de 2006, nos aspectos non regulados expresamente por estas bases, e calquera outra normativa que resulte de aplicación obrigatoria en función da Administración ou entidade que interveña.

14. Compatibilidade

Estas subvencións son incompatibles con calquera outras axudas concedidas aos beneficiarios para a mesma finalidade.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018

Asdo: Belén Hernández Lafuente

Xerente do Consorcio